



ALUMNADO

- O alumnado deberá actuar sempre de acordo coas indicacións do profesorado e en ningún caso deberá seguir iniciativas propias.
- O alumnado ao que o profesorado lle encomendou unhas funcións concretas, responsabilizarase de cumprilas e de colaborar co profesorado para manter a orde do grupo.
- O alumnado non recollerá os seus obxectos persoais para evitar obstáculos e demoras.
- O alumnado que ao soar o sinal de alarma se atope nos aseos ou noutros locais anexos, na mesma planta da súa aula, deberá incorporarse con toda rapidez ao seu grupo. Se se atopase noutra planta, incorporaráse ao grupo máis próximo que teña no momento da saída. Posteriormente, incorporárase ao seu grupo no punto de reunión, avisando ao profesorado dese grupo.
- Todos os movementos deberán realizarse de présa, pero sen correr, sen atropelar nin empuxar os demais.
- Ningún alumno/a debera deterse xunto ás portas de saída.
- O alumnado deberá facer este exercicio en silencio e con sentido da orde e axuda mutuos, para evitar atropelos e lesións, axudando aos que teñan dificultades ou sufran caídas.
- O alumnado deberá realizar a evacuación respectando o mobiliario e o equipamento escolar e usando as portas co sentido de xiro para o que están previstas.
- No caso de que nas vías de evacuación exista algún obstáculo que dificulte a saída na evacuación, será apartado polo alumnado, se fose posible, de forma que non provoque caídas das persoas ou deterioración do obxecto.
- En ningún caso, o alumnado deberá volver atrás co pretexto de buscar irmáns menores, amigos ou obxectos persoais, etc.
- En todo caso, os grupos permanecerán sempre unidos sen disgregarse nin adiantar a outros, incluso cando se atopen nos lugares exteriores de concentración previamente establecidos, pois deben facilitarlle ao profesorado o control e certeza de que non quedou ninguén dentro.

